



ANUNCIO

Mediante Resolución de Alcaldía de data 19.05.2020 ditouse o seguinte acto administrativo, cuxo contido é,

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL A TEMPO COMPLETO DE DOUS OFICIAIS SEGUNDA CONDUCTORES DENTRO DO PLAN DE EMPREGO PARA A CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVICIOS MUNICIPAIS 2020

Por resolución da concellaría de Persoal de data 15.05.2020, aceptouse a proposta do tribunal avaliador das probas selectivas para a contratación laboral temporal, a tempo completo de 2 oficiais de segunda conductores, e requiriuse ás persoas propostas, para que no prazo dos 3 días seguintes ao da publicación da dita resolución, presentaran a documentación solicitada para a súa contratación.

Os candidatos proposto Don Jose Antonio Saa Rodríguez presentou a documentación mediante escrito con n.r.e. 2020- E-RC-2942 e Don Miguel Ángel Gómez Fernández presentou a documentación mediante escrito con n.r.e 2020-E-RC-2943.

Ao abeiro da competencia atribuída no artigo 21.1 g) da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora de Bases de Réxime Local, competencia indelegable segundo o disposto no artigo 21.3 da mesma norma e en concordancia co indicado no artigo 205.5 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia,

RESOLVO

1.- Contratar laboralmente, e con carácter temporal, pola modalidade de contrato temporal de obra ou servizo determinado, ao abeiro da lexislación vixente, e das condicións sinaladas nas bases da convocatoria da data 15.04.2020 para ocupar **as dúas prazas de oficiais de segunda conductores** os seguintes, e polo prazo dende o **20.05.2020** ata o **31.12.2020**:

Don Jose Antonio Saa Rodríguez con DNI ***7096**

Don Miguel Ángel Gómez Fernández con DNI ***6582**

2.- Formalizar o correspondente contrato e presentar o mesmo no Servizo Público de Emprego (a traves da aplicación contrat@) no prazo de 10 días.

3.- Dar traslado do presente acordo os departamentos de Secretaría-Persoal, Intervención e o Pleno na primeira sesión que se celebre.





EXCMO. CONCELLO DE TUI

4.- Contra a presente resolución poderán interpoñerse os seguintes recursos:

- **Potestativo de reposición**, ante o mesmo órgano que ditou o acordo, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte o da notificación da presente resolución.
- **Contencioso administrativo**, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ó da notificación da presente resolución, se non se interpuxera o de reposición. Si se interpuxera este último, o prazo de dous meses empezarán a contarse dende o día seguinte ó da notificación da resolución do recurso de reposición, se esta fora expresa. Se a resolución non fora expresa o prazo para interpoñer o recurso contencioso administrativo será de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza a desestimación por silencio administrativo. Non obstante dito prazo se atopa suspendido polo estado de alarma, Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que o prazo para a interposición do mesmo se reanuda no intre no que perda a vixencia o presente decreto ou no seu caso, as prorrogas do mesmo.

Calquera outro que estime conveniente, baixo a súa responsabilidade.

Mándao e asíno o Sr. Alcalde, Enrique Cabaleiro González.

En Tui, documento asinado dixitalmente á marxe.



Cod. Validación: 7QSKFA4FJUSE7E4R4CJL7NSC | Corrección: <https://concello.tui.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2